

AS ENTIDADES XESTIONADAS POR XESGALICIA OBTEÑEN NO EXERCICIO 2021 UN BENEFICIO CONXUNTO SUPERIOR AOS 5,4 MILLÓNS DE EUROS.

- Durante o ano 2021 aprobáronse máis de 20 proxectos, en sectores como a biotecnoloxía, a nova mobilidade ou pertencentes ao sector primario, acadando un volume de novos investimentos superior aos 9 millóns de euros.
- Destaca tamén a venda da startup biotecnolóxica Origo Biopharma, orientada á investigación de fármacos no campo da fibrose e da inmunocoloxía.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ofrece, a través de XesGalicia, unha serie de instrumentos de apoio que ten como finalidade facilitar a creación e a consolidación de empresas en Galicia:

- 1) servizos e axudas para crear novas empresas,
- 2) para promover o crecemento,
- 3) para impulsar a mellora da competitividade,
- 4) e para a internacionalización das compañías existentes.

Neste sentido, XesGalicia xestionaba ao peche de 2021 unha sociedade de capital risco (Sodiga Galicia) e catro fondos de investimento: Galicia Compite, Galicia Innova Tech, Galicia Iniciativas Emprendedoras e Adiante 2000.

Durante as últimas lexislaturas, XesGalicia ten orientada a súa actividade cara a iniciativas empresariais vinculadas ao emprendemento e á innovación, sen deixar de atender os proxectos de crecemento ou reforzamento en empresas xa consolidadas en Galicia.

Así, durante o ano 2021 aprobáronse máis de 20 proxectos, en sectores como a biotecnoloxía, a nova mobilidade ou pertencentes ao sector primario, acadando un volume de novos investimentos superior aos 9 millóns de euros.

De entre os proxectos financiados atópanse startups tan innovadoras como Libera Bio ou Celtarys Research, dúas spinoff da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e que participaron no programa Ignicia, dependente tamén da Vicepresidencia económica -a través da Axencia Galega de Innovación-:

- Libera Bio centra a súa actividade no desenvolvemento de tratamentos personalizados contra o cancro baseados nunha nova nanotecnoloxía, coñecida como MPN Technology®, que permite a distribución selectiva de medicamentos biolóxicos (como anticorpos monoclonais) a tumores e células metastásicas.

- Celtarys Research centra a súa actividade ao desenvolvemento de ferramentas fluorescentes para o descubrimento de novos fármacos, empregando unha tecnoloxía propia da empresa.

Moitos destes proxectos adicionalmente beneficiáronse dos servizos achegados polos programas de financiamento do emprendemento impulsados por XesGalicia, como sería o acceso a espazos de traballo, asesoramento de titores e mentores ou o acceso a socios industriais. Neste sentido, entre os programas de emprendemento impulsados por XesGalicia destacarían os seguintes:

- O programa Business Factory Auto (BFAuto), orientado a apoiar iniciativas especializadas en automoción.
- O programa Business Factory Food (BFFood), orientado a apoiar iniciativas especializadas no sector alimentario.
- O programa Business Factory Aero (BFAero), orientado a empresas innovadoras dentro da cadea de valor do sector aeroespacial galego.

Adicionalmente, XesGalicia impulsa o ecosistema de emprendemento mediante a colaboración a través de investimentos directos en fondos de emprendemento de orixe privada, que complementan e fortalecen as posibilidades de acceso ao financiamento para as empresas de base innovadora e tecnolóxica galegas.

Baixo este contexto, a Xunta de Galicia, a través de XesGalicia, puxo en marcha a súa estratexia de fondo de fondos, dotada con 11 millóns de euros e coa que se pretende triplicar a mobilización dos fondos achegados, ata un importe de arredor dos 33M€. O obxectivo é colaborar con xestoras privadas de capital risco para acompañar ás empresas á hora de transformar a economía galega, impulsando o ecosistema de *startups* na Comunidade, o emprendemento e a innovación, ao tempo que se promove o retorno de talento.

Esta iniciativa –deseñada seguindo as recomendacións do Comité de expertos económicos encargado de asesorar á Xunta– forma parte do Plan de reactivación económica de Galicia, que ten como obxectivo fundamental recuperar a economía da Comunidade. Seguindo esta estratexia de fondo de fondos, XesGalicia realizou no ano 2021 un novo acordo de investimento, por importe de 1M€, en colaboración co fondo BSocial Impact Fund, xestionado por parte de Ship2B Ventures, o cal é o maior fondo de venture capital de Impacto en España. A súa actividade inversora trata de dar resposta a tres grandes retos: a mellora da calidade de vida de colectivos vulnerables, o cambio climático e o fracaso escolar.

Este acordo, que se engade aos formalizados previamente coas xestoras Alma Mundi, Kibo Ventures e K Fund, está a permitir un reforzo do ecosistema inversor privado en Galicia, facilitando mecanismos de atracción de capital en favor das empresas galegas.

CONTEXTO ACTUAL (ano 2021)

No exercicio 2021, e a pesar das consecuencias negativas xeradas pola covid-19, obsérvase unha evolución favorable nos resultados acadados polas entidades xestionadas por XesGalicia, gracias, entre outras cuestións, á execución de determinadas operacións de venda.

SOCIEDADE / FONDO	RESULTADO 2021 (Miles de euros)
Sodiga Galicia	+ 133
Galicia Compite	+ 770
Galicia Innova Tech	+ 128
Galicia Iniciativas Emprendedoras	- 658
Adiante 2000	+ 5.122

Deste xeito conclúese cunha positiva evolución no comportamento das entidades xestionadas por XesGalicia durante o pasado ano, acadando un relevante compromiso inversor e confirmándose a fortaleza das empresas participadas durante 2021.

SODIGA GALICIA

Mantén como obxectivo a execución de investimentos dirixidos a empresas con alto potencial de crecemento e con incidencia significativa na economía galega.

GALICIA COMPITE

Fondo dedicado a empresas de nova creación e á consolidación de proxectos empresariais.

GALICIA INNOVA TECH

Centrado na creación e desenvolvemento de empresas capaces de liderar o crecemento económico do sector tecnolóxico e biotecnolóxico en Galicia e que contén con proxectos innovadores en fase de expansión e/ou consolidación.

No exercicio 2021 destaca a venda da startup biotecnolóxica Origo Biopharma, orientada á investigación de fármacos inhibidores de TGF-beta, unha diana terapéutica amplamente validada no campo da fibrose e da inmunocoloxía.

Esta operación supón un novo caso de éxito para o ecosistema biotec galego, o cal xa posicionou a Galicia como a segunda rexión máis bioemprededora a nivel nacional e reforza a Estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico de Galicia para o período 2021-2025, dado que ademais dos beneficios derivados da atracción de capital e talento internacional ao proxecto, as novas sinerxías xeradas entre a empresa adquirente e Origo Biopharma na investigación para o tratamento de enfermidades relacionadas coa fibrose permitirán acelerar os seus actuais proxectos de investigación e desenvolvemento, todo isto desde as instalacións de Origo Biopharma no concello coruñés de Touro, impulsando así o posicionamento do sector a nivel nacional e internacional.

GALICIA INICIATIVAS EMPRENDEDORAS

Este fondo diríxese ao financiamento de empresas de recente creación, de iniciativa individual e ao apoio ás aceleradoras de empresas.

ADIANTE 2000

XesGalicia tamén conta cun fondo actualmente en proceso de liquidación, Adiante 2000. Con orixe nas actuacións levadas a cabo no devandito de liquidación, ao longo do ano 2021 acadáronse diversas recuperacións de posicións previamente consideradas dubidosas, destacando a correspondente a Einsa Print, por importe total de máis de 3,5 millóns de euros.

En total, XesGalicia xestiona recursos por valor de 274 millóns de euros, cunha carteira total de máis de 170 empresas a 31 de decembro de 2021.

SOCIEDADE	Capital Social (Miles €)
SODIGA	47.171
FONDO	Patrimonio desembolsado (Miles €)
GALICIA COMPITE	126.092
GALICIA INNOVA TECH	24.060
GALICIA INICIATIVAS EMPRENDEDORAS	10.490
ADIANTE 2000	66.121
TOTAL	273.934

PERSPECTIVAS PARA O ANO 2022

Durante o ano 2022 XesGalicia manterá as súas estratexias previas de investimento, centradas no reforzo dos fondos propios das compañías investidas, así como no financiamento do emprendemento empresarial galego.

Neste sentido, XesGalicia manterá un papel esencial dentro da nova Axenda de Emprendemento 2022-2024 liderada pola Xunta de Galicia a través do Igape, que mediante tres eixos de actuación, orientados cara ás startups, os emprendedores e mediante diversas medidas transversais, impulsará e reforzará o emprendemento en Galicia, con especial atención a proxectos iniciados no eido rural e aos liderados por mulleres.